



SECRETARÍA PLENO

EXPDTE	CONSTITUCIÓN CORPORACIÓN 2015-2019
TRÁMITE	Sesión organizativa ex 38 ROF. Proposta respecto Creación, composición e periodicidade das Comisións de Pleno.

De conformidade co sinalado no art. 38 do RD 2568/1986 (ROF) corresponde determinar na sesión organizativa, a celebrar dentro dos 30 días seguintes á constitución da Corporación, entre outros puntos, a creación e denominación das Comisións do Pleno da Corporación. Así mesmo, segundo o 136 del Regulamento Orgánico do Pleno, en relación co art. 134.1 do ROF e o 212.1 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, procede determinar a periodicidade das súas sesións.

Polo tanto, vistos os arts. 46 e 122.4 da Lei 7/1985, 66 a 68 da Lei galega 5/1997, así como o 130 e ss. do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, e consultada a Xunta de Portavoces nas súas sesións desta do 15 e 16.06.2015, PROPONSE a adopción polo Pleno do seguinte:

#### ACORDO

**Primeiro.-** Establécense as seguintes Comisións Permanentes Ordinarias, coa denominación e competencias que de seguido se relacionan, e sen prexuízo daquelas outras atribucións de carácter resolutorio que lle delegue, no seu caso, o Pleno da Corporación de conformidade co establecido no artigo 123.4 da Lei 7/1985, e demais que lle correspondan segundo a Lei.

Así mesmo, relaciónanse as Comisións especiais que resultan obrigadas segundo a Lei.

Comisións:

**1.- Comisión de Réxime Interior, Participación, persoal e Xurídica.**

Terá as seguintes competencias: Réxime Interior, Persoal, Matadoiro, Mercados, Venda ambulante, Defensa Xurídica e participación.

**2.- Comisión de Ordenación do Territorio, Urbanismo e Medio Ambiente:**

Terá as seguintes competencias: Ordenación do Territorio, Planeamento, Xestión e disciplina Urbanística e Medio Ambiental, Licenzas, Patrimonio Histórico.

**3.- Comisión Benestar social, cultura e dinamización sociocultural.**

Terá as competencias correspondentes ás materias enunciadas, así como ensino, deporte, xuventude, igualdade e normalización lingüística.

**4.- Comisión de Mobilidade, Infraestruturas, Obras e Servizos.**

Terá as competencias correspondentes ás materias enunciadas.

**5.- Comisión de Economía e Facenda, e especial de Contas.**

Terá as competencias correspondentes ás materias enunciadas, así como contratación, promoción económica e turismo.

Constituirase como Comisión de Contas e exercerá as competencias propias desta cando sexa necesario.

**6.- Comisión Especial de Suxestións e reclamacións.**

Terá as competencias sinaladas polos arts. 157 e ss. do Regulamento Orgánico do Ple-

no e das súas Comisións.

**Segundo.-** Estarán formadas por 9 membros, incluído o seu Presidente efectivo e coa seguinte representación proporcional de cada grupo político municipal: 4 membros do grupo municipal do BNG, 2 membros do grupo municipal do PP, 1 membro do grupo municipal do PSdG-PSOE; 1 membro do grupo municipal da Marea de Pontevedra; e 1 membro do grupo municipal mixto (Ciudadanos).

**Terceiro.-** A adscrición concreta a cada Comisión dos membros da Corporación, que deban formar parte das Comisións creadas, realizarase mediante escrito do portavoz de cada grupo municipal do que se dará conta ó Pleno, podéndose e aconsellándose designar 1 suplente por cada titular.

O nomeamento dos membros atendendo as propostas de cada grupo municipal realiza-se polo Alcalde-Presidente do Pleno, dentro do prazo de 5 días, dando conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

**Cuarto.-** O Alcalde, previa elección efectuada no seno da Comisión dun Presidente e un Vicepresidente para casos de urxencia, enfermidade, incompatibilidade ou outro motivo, poderá delegar a Presidencia efectiva nos membros das comisións elixidos, procedendo o nomeamento dos Presidentes e Vicepresidentes.

**Quinto.-** As Comisións Permanentes celebrarán sesións ordinarias segundo se precisa:

- As comisións 2 e 4 celebrarán as súas sesións ordinarias os martes alternos ás 11 horas.
- As comisións 1 e 5 celebrarán as súas sesións ordinarias os mércores anteriores ao pleno ordinario, ás 13 e 12 horas respectivamente.
- A comisión 3 celebrará as súas sesións ordinarias os xoves alternos ás 11 horas."

Non obstante, mantendo a periodicidade sinalada, na súa sesión constitutiva a propia comisión poderá variar os días e horas en concreto.

**Sexto.-** Realizada a adscrición dos membros da Corporación ás Comisións creadas, procederase á constitución das Comisións baixo a presidencia do Alcalde, como presidente nato, en sesión convocada para os efectos e na que terá lugar a elección do seu presidente efectivo.

Pontevedra, 17/06.2015.

O ALCALDE,

Miguel Anxo Fernández Lores.

